

NOTA INFORMATIVA

CROQUIS “SUPERFICIES DE INTERESE ECOLÓXICO” (SIE)

Como é sabido en relación co pago verde ou greening, a maioría das explotacións con máis de 15 hectáreas de terras de cultivo deben dedicar un 5 % desa superficie a “**superficies de interese ecolóxico**” (SIE), que en Galicia no 2015 serán barbeitos para SIE (produto 24) e/ou os cultivos fixadores de nitróxeno seguintes:

Código	Producto
40	Guisante
41	Habas
49	Alubias
50	Garbanzo
	Garbanzo de Agricultura Ecolóxica
	IGP Garbanzo de Fuentesauco
	IGP Garbanzo de Escacena
	Garbanzo de Pedrosillo
Código	Producto
51	Lenteja
	Lenteja de Agricultura Ecolóxica
	IGP Lenteja de la Armuña
	IGP lenteja Pardina de Tierra de Campos
52	Veza
53	Yeros
60	Alfalfa
61	Alholva
67	Esparceta
76	Zulla
180	Judía
	Judía de Agricultura Ecolóxica
	DOP Judía del Ganxet
	IGP Alubia de La Bañeza-León
	IGP Faba Asturiana
	IGP Faba de Lourenzá
	IGP Judías de El Barco de Ávila
	Alubia de Guernica
	Alubia de Tolosa
	Alubia Pinta Alavesa
	Judión de La Granja
	Alubia de Anguiano
43	Altramuz dulce
238	Altramuz
239	Almorta
240	Titarros
245	Algarroba
246	Alverja
247	Alberjón

Tendo en conta as obrigas establecidas para estes cultivos SIE no anexo VIII do R.D. 1075/2014, no ano 2016 haberá que controlar que non se declare un barbeito para SIE nas superficies onde no 2015 houbera un cultivo fixador de nitróxeno, e que se declare no 2016 algún cultivo que teña necesidade de nitróxeno nas superficies onde no 2015 houbera un cultivo fixador de nitróxeno.

Por este motivo é preciso dispoñer da información gráfica sobre a declaración destes produtos no 2015 e, por tanto, **é preciso recoller coa Solicitud Única 2015 os croquis desas declaracións nos casos en que esas superficies non ocupen recintos completos.** En caso contrario, os agricultores deberían achegar eses croquis con posterioridade.